

# O PROBLEMA DA TERMINOLOXÍA PAREMIOLÓXICA EN GALICIA

GERMÁN CONDE TARRÍO<sup>1</sup>

Universidade de Santiago de Compostela

## ESTADO DA CUESTIÓN

Dende o século XII ó XIV a lírica do noroeste peninsular está nun momento de grande esplendor, pois tanto en Galicia como no Norte de Portugal xorde unha poesía destinada a ser cantada: de aí o seu nome de «cantigas». Moitas destas composicións posúen un estribillo (*refram*), que se repete sistematicamente ó longo da composición, o que caracteriza a este tipo de poesía (*Cantigas de refram*) fronte á poesía carente de estribillo (*Cantigas de meestria*). Así pois, a voz «*refram*» empregouse na primitiva lírica galego-portuguesa co significado de «*estribillo*», mentras que «*verbo antigo*» designaba as formas sentenciosas do noso idioma:

Marinha Crespa, sabedes filhar  
eno paaço sempr' un tal lugar,  
en que an todos mui ben a pensar  
de vós; e poren diz o verv' antigo:  
«a boi velho non lhi busques abrigo».  
[Pero da Ponte<sup>2</sup>]

O refrán para Lanciani y Tavani (1993, s.v. *refram*) é unha parte das *Cantigas* que se repite, polo que o define como:

<sup>1</sup> O autor deste traballo é membro do proxecto n.º PB97-0322-C04-03 subvencionado pola «Dirección General de Enseñanza Superior e Investigación Científica» do «Ministerio de Educación y Cultura». No devandito proxecto, do que J. Sevilla Muñoz é a súa investigadora principal (U.C.M.), interveñen as Universidades seguintes: a de Santiago de Compostela (A. Marco López e P. Río Corbacho), a Complutense de Madrid (M<sup>a</sup>. del C. Barrado Belmar, P. Blanco García, J. Cantera y Ortiz de Urbina e M<sup>a</sup>. J. Postigo Aldeamil), a de Murcia (R. Almela Pérez e A. P. Zamora Muñoz) e a de Valencia (M<sup>a</sup>. Conca i Martínez e J. Guia i Marín).

<sup>2</sup> Exemplo sacado das *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses* de Rodríguez Lapa (1995: 222).

*Un conjunto de versos com autonomia rimática que se repete integralmente no fim de cada estrofe, com um número de versos inferior ao corpo da estrofe e cuja medida silábica é igual à dos restantes versos da cobla. De facto, na maioria das 962 cantigas com refrão galego-portuguesas, é assim que acontece.*

Estes autores afirman que o *refram* era máis empregado nas *cantigas de amigo* (443-87,8%) que nas de *amor* (380-52,4%) ou nas *satíricas* (134-31%).

Este período esplendoroso da poesía lírica medieval deu paso, sobre todo dende finais do século XV ata xa case acabado o século XVIII, a unha época que se coñece co nome de *Séculos escuros*.

Nesta etapa o galego sofre un arrinconamento, desaparecendo dos ambientes cultos e quedando para uso da xente do pobo. A penas nos quedan restos de manifestacións literarias escritas, e as poucas que nos chegan son de escaso valor literario.

O pobo mantivo a súa lingua de sempre, o que fixo nacer unha literatura oral, polo que será un dos momentos culminantes da literatura popular, a cal se irá transmitindo de xeración en xeración e que máis tarde será estudada no século XVIII e, sobre todo, polos investigadores dos séculos XIX e XX.

O refrán, elemento moi popular entre o noso pobo, perviviu nas *Cantigas* da poesía galaico-portuguesa, nos refraneiros de autores casteláns como H. Núñez, Correas, etc., e sobre todo nas nosas xentes, se ben ninguén se ocupou de recollelos en coleccións paremiolóxicas ata o século XIX.

Neste traballo non imos analizar os avatares do refrán na nosa lingua, senón que intentaremos definir as distintas formas paremiolóxicas, polo que se fai necesario recurrir ás distintas fontes documentais nas que aparezan estes termos definidos. Tal vez os dicionarios, sen esquecer ós autores que definiron algunha das formas paremiolóxicas, son os que mellor nos permiten ver a evolución das distintas

definición ó longo da historia. Sen embargo non se debe esquecer que en Galicia, como consecuencia da persecución tanto do idioma como da cultura, os dicionarios non fan a súa aparición ata o século XVIII con Fray Juan Sobreira Salgado (1746-1805), coñecido polo Padre Sobreira, coas súas *Papeletas*<sup>3</sup> de un *Diccionario Gallego*. No século XIX destacan catro dicionarios o de Francisco Javier Rodríguez (1863), o de Francisco Mirás (1864), o de J. Cuveiro Piñol (1876) e o de Marcial Valladares Núñez (1881).

Sobreira ten na mente facer un dicionario de galego, se ben as tachaduras e as erratas que aparecen nalgunhas das *papeletas* mostran, como di J.L. Pensado (1979), unha obra non ben perfilada, aínda que sexa de grande importancia para o estudo do vocabulario do XVIII: nunca chegou a ver o seu traballo publicado e mesmo non se coñeceu as *papeletas* ata 1880.

Francisco Javier Rodríguez (1863: IX), seguindo a idea do Padre Sarmiento, decide elaborar un dicionario que recolla o maior número de voces galegas:

*En el verano pasado de 1850, leyendo en el tomo III del Correo Literario de la Europa, vi que á las páginas 80 y 93, se da la noticia de un manuscrito del padre Sarmiento, en que recomienda la elaboración de un diccionario de voces gallegas.*

Na Introducción (Ibid.: X) do seu *Diccionario Gallego-Castellano* presume de:

*Ser el primero que dió á luz en Galicia, un trabajo de esta especie, pues si de algún escritor se dice haber compuesto el diccionario gallego, de nada me sirvió, ni servirá tal vez á nadie su obra, por haberse enterrado o quizá desaparecido para siempre.*

Francisco Mirás escribe no 1864 unha gramática do galego, na que inclúe un pequeno vocabulario de nomes coa súa correspondencia no castelán: quizáis sexa moi atrevido falar neste caso dun dicionario galego... Sexa como for, nesta obra non atopamos definido ningún termo paremiolóxico.

<sup>3</sup> Di J. L. Pensado (1979: XVII) que as *papeletas* son:

*Del tamaño de un octavo de folio aproximadamente, entre ellas hay algunas de cuarto folio e incluso de medio folio (una sola que en realidad es un apunte en donde sin orden alguno se anotan palabras diferentes.*

J. Cuveiro Piñol (1876) anuncia no seu prólogo que segue a F. J. Rodríguez, se ben a súa intención é ampliar a súa obra. Sirva a modo de exemplo do traballo destes dous autores a definición da palabra *babuxar*:

F. J. Rodríguez (1863): *Lloviznar suavemente.*  
J. Cuveiro Piñol (1876): *Lloviznar, llover muy suavemente, sin sentir como la baba que se sale por los cantos de la boca sin apercibirse de ello.*

En 1881 aparece o *Diccionario Gallego-Castellano* de M. Valladares Núñez, máis completo que os dous precedentes, onde o refrán é empregado cun carácter certamente didáctico parra documentar unha palabra:

*Colleitar.* Cosechar. Colectar, etc.  
*Trigo que n'as de colleitar, deixa de o visitar.*

Os dicionarios destes dous séculos non nos axudarán no estudo da evolución das definicións das distintas paremias, pois no caso do dicionario do Padre Sobreira só aparece documentada a forma *adaguio*, mentras que en F. J. Rodríguez e J. Cuveiro Piñol encontramos *dito*; en M. Valladares Núñez atopamos dúas paremias definidas (*dito e preceito*), pois *devisa* é definida como un tributo anual que había que pagar por San Xoán.

Así pois estes dous séculos dende o punto de vista da definición paremiolóxica non amosan ningún resto que deixe ver a idea que se tiña das diferentes paremias nese tempo. Será nos dicionarios do século XX, onde comece a definición destes termos e sobre os que basearemos o noso estudo.

## NECESIDADE DUNHA DEFINIÇÃO TERMINOLÓXICA DAS PAREMIAS

Hoxe en día a termo *refrán* emprégase xeralmente como arquilexema de tódalas paremias, polo que para o falante non hai distinción, por exemplo, entre a máxima e a divisa. Este confusionismo é mesmo acrecentado polos dicionarios, que no son capaces de diferenciar os diversos termos paremiolóxicos: así por exemplo no *Diccionario da Real Academia Galega* (1997) a *sentencia* pasa por ser sinónimo do *adaxio*, o *refrán* do *proverbio*, etc.

No galego a forma *refrán* acabou por substituír o termo medieval *verbo antigo*, pois esta forma xa nos veu dada polo castelán, onde, a súa vez, se impuxo a outros termos como *fabliella*, *fabla*, *palabra*, *exemplo*, etc.

Neste traballo só analizaremos aquelas formas paremiolóxicas de uso máis frecuente, deixando para outros estudos posteriores formas que hoxe están en desuso, caso de anexir, do brocárdico, etc.

Xeralmente só nos interesaremos polas definicións dadas por persoas ou por dicionarios que sexan galegos, pois ás nosas paremias non sempre se lle poden aplicar os conceptos dadas para as súas homólogas castelán ou francesas: sen embargo non desdémamos as definicións ou as opinións dadas por outros autores ou dicionarios non galegos que nos axuden a aclarar algún concepto non abundantemente explicitado.

## O REFRÁN

Intentar definir o refrán, e mesmo buscar unha diferenciación con outras formas paremiolóxicas, é algo que resulta, sen dúbida, dificultoso.

A. Taylor no seu libro *The proverb* (1962:3) comenza dicindo que é imposible dar unha definición exacta do refrán, se ben toda asú obra é un intento de encontrar unha:

*The definition of a proverb is too difficult to repay the undertaking; and should we fortunately combine in a single definition all the essential elements and give each the proper emphasis, we should not even then have a touchstone. An incommunicable quality tells us this sentence is proverbial and that one is not. Hence no definition will enable us to identify positively a sentence as proverbial. Those who do not speak a language can never recognize all its proverbs, and similarly much that is truly proverbial escapes us in Elizabethan and older English. Let us be content with recognizing that a proverb is a saying current among the folk. Let us be content with recognizing that a proverb is a saying current among the folk. At least so much of a definition is indisputable, and we shall see and weight the significance of other elements later.*

Da mesma opinión que Taylor é H. Meschonnic (1976: 425-426), o cal ó falar do «proverbe» di:

*Le proverbe est indéfinissable parce que le définir fait entrer le référent dans la définition, et que le proverbe (...) est une activité de langage, un acte de discours dont le référent est l'énonciateur et le ré-énonciateur dans leur rapport à une situation.*

Deixando a un lado estas afirmacións, diremos que a voz *refrán* foi empregada por vez primeira no castelán co significado de *estribillo*, como nos indica Cotarelo (1917: 251-252):

*Refrán significa «estribillo», «estrambote» o «finida» de una poesía. Es exactamente la significación que en francés tenía entonces la voz «refrán», según puede verse en Du Cange, Borel y Godefroy.*

J. Sevilla Muñoz (1989: 210) indícanos que o termo *refrán*, como *estribillo*, é do ± 1251, se ben como dito sentencioso é do ± 1300, confirmado por E. O'Kane (1950) que nos di que así aparece na *Gran Conquista de Ultramar*:

*Varones, muchas lecerías é mezquindades habedes sofrido, é el refrán viejo dice, é es bien verdad, que mas vale perder la cabeza en honra que non vivir luego tiempo en cautiverio.*

No século XVII o Padre Sobreira nas súas *Papeletas de un Diccionario Gallego* define a forma *refrán* como un *estribillo* cando fala do *adagio*:

*Adagio (...) y si cae en coplas se llama particularísimamente refrán (sic).*

Para Murguía (1865: 251) a brevidade e o carácter sentencioso son os elementos que caracterizan ó refrán:

*Dichos breves y sentenciosos en que el pueblo encierra un pensamiento útil, un consejo saludable, una picante observación: por eso se han impreso alguna vez bajo el título de «Filosofía vulgar».*

Taboada Chivite (1972: 169) presentou na súa definición de *refrán* tres características deste: o didactismo, o anonimato e a antigüidade:

*Os refráns constituen fórmulas de fin didáctico ou moral, nadas anónimamente e que se transmiten de xeneración en xeneración.*

E. Rodríguez González (1961, s.v. *refrán*) propón como sinónimo de refrán ó proverbio e ó adaxio, e mesmo o denomina *apotegma familiar*.

*Dicho agudo y sentencioso de uso común.*

Para el, no extenso refraneiro galego, que se conserva en todos e cada un dos falantes de Galicia, podemos encontrarnos con refráns *picarescos, ingeniosos, socarrones, sugestivos, punzantes, prácticos, sentenciosos y hasta filosóficos*.

A *Gran Enciclopedia Gallega* (1974, s.v. *refrán*) comeza aceptando a definición de E. Rodríguez González (1961):

*Dicho agudo y sentencioso de uso común.*

que logo completa coa de Rodríguez Marín (1895: XVIII-XIX):

*Dicho popular sentencioso y breve, de verdad probada, generalmente simbólico y expuesto en forma poética, que contiene una regla de conducta u otra cualquiera enseñanza.*

No *Diccionario da Lingua Galega* de Alonso Estravís (1986, s.v. *refrán*) propónse a procedencia desta palabra do provenzal *refranh*, polo que a palabra *estribillo* emprégaa como sinónimo de *refrán*. A definición que presenta é a de Julio Casares (1950: 192), que transcribe literalmente ó galego:

*Frase completa e independente que, en sentido directo ou alegórico, e ordinariamente en forma sentenciosa e elíptica, expresa un pensamento a modo de xuízo, en que se relacionan dúas ideas como mínimo.*

O *Diccionario Xerais da Lingua* (1986, s.v. *refrán*) define o refrán como:

*Parte dunha canción que se repite varias veces.*

No *Diccionario da Lingua Galega* de Feixó e outros (1986, s.v. *refrán*), *proverbio e adaxio* aparecen como sinónimos de refrán, ó que se define como:

*Dito agudo e sentencioso, de carácter didáctico ou moral e de uso común, exprimido de forma sucinta oral.*

Dentro da súa definición tamén inclúe a descripción de *estribillo*, o que fai supoñer que se trata dun sinónimo de *refrán*:

*Estribillo ou verso repetidos no fin de cada estrofa. Fórmula vocal ou instrumental que se repite regularmente nunha composición.*

Para o *Diccionario Galego-Castelán* de Galaxia (1988, s.v. *refrán*) esta paremia equipárase ó adaxio, á máxima e ó proverbio. A súa definición é moi lacónica: *dito sentencioso*.

O *Diccionario da Lingua Galega* de C. García González (1988, s.v. *refrán*) e o *Diccionario da Real Academia Galega* (1977, s.v. *refrán*) din que o refrán nace da experiencia e que ten un carácter metafórico:

*Frase curta e fixada, polo xeral en forma de imaxe, coa que se expresa un pensamento popular baseado na experiencia.*

Se facemos caso a esta definición en canto que o refrán é unha *frase fixada*, sería moi difícil explicar as múltiples variantes que circulan entre os falantes. O refrán non é marmóreo, é dúctil; permite ós falantes facer variacións, e se éstas son aceptadas, convírtense en novas versións do refrán, é dicir, dásele unha nova vida ó reproducilo. Así, por exemplo, o refrán *O fillo da cabra cabrito é (ha de ser)* pode presentar as variantes de *O fillo da cabra, cabrito lle chaman* e *O filla da cabra, ou cabrito ou castrón*. Este sistema de derivación pode dar lugar en oitos casos a novos refráns creados por paralelismo: *O fillo do lobo lobiño é, O fillo do lobo logo aprende a oubear, O fillo do peixe sabe nadar, Os fillos do ourizo coas pugas nacen*, etc.

Na maioría destas definicións o refrán pasa por sinónimo do estribillo, dísenos que é popular, sentencioso, etc., pero botamos en falta que nas distintas definicións non se fale de se é xocoso ou non, etc. Por eso para nós o refrán é unha *forma paremiolóxica anónima, popular, breve, cunha linguaxe metafórica e non exenta nalgúns casos de certa xocosidade, que basa a súa sabiduría nunha experiencia que se considera contrastada, o que lle da un carácter sentencioso, e que se axuda dunha serie de elementos mnemotécnicos para facilitar a súa memorización*.

## O PROVERBIO

En Galicia, como no resto de España, o proverbio confúndese na maioría dos casos co refrán, o que fai que estas dúas paremias pasen por sinónimas.

Eladio Rodríguez (1961, s.v. *proverbio*) presenta como sinónimos do proverbio, ó refrán, á sentencia e ó adaxio. Para este diccionario o proverbio é unha paremia culta (máxima), breve e baseada na experiencia:

*Máxima expresada en pocas palabras y fundada en la experiencia.*

Para o *Diccionario da Lingua Galega* (1986, s.v. *proverbio*) de Feixó Cid e outros o proverbio tamén é de orixe culta (máxima) e breve, pero neste caso preséntasenos cun carácter sentencioso:

*Máxima expresada en poucas palabras. Sentencia moral.*

O *Diccionario da Lingua Galega* (1986, s.v. *proverbio*) de Alonso Estravís presenta unha definición lacónica ó equiparar o proverbio á *sentencia moral*, sin dar ningunha outra explicación.

O diccionario de Galaxia (1988, s.v. *proverbio*) define este termo con sinónimos: *sentencia moral, adagio o refrán*. A definición que presenta vai máis encamiñada a describir os *proverbes dramatiques*, que tan de moda estiveron na Francia do s. XVII e XVIII, cá forma paremiolóxica proverbio:

*Obra dramática que tiene por objeto poner en acción un proverbio.*

Tanto no diccionario de C. García González (1990, s.v. *proverbio*) como no da Real Academia Galega (1997, s.v. *proverbio*) esta paremia é descrita como breve e popular, fundamentada na experiencia, elementos que non nos permiten diferenciala do refrán:

*Frase curta e fixada, xeralmente en forma de imaxe, coa que se expresa un pensamento popular baseado na experiencia.*

O diccionario de M. Quintán Suárez (1997, s.v. *proverbio*), que considera o aforismo, o apotegma, a máxima e o refrán como sinónimos do proverbio, acepta a definición dada polo diccionario de C. García González (1997):

*Sentencia moral coa que se expresa un pensamento popular baseado na experiencia.*

O proverbio, polo que se pode concluír, diferénciase, segundo estas definicións, do refrán polo seu carácter culto e o seu tono serio, pero tamén pola ausencia de elementos mnemotécnicos:

*O insensato tense por sabio cando cala, e por intelixente cando ten a boca pechada<sup>4</sup>.*

se ben nalgúns casos a introducción de elementos que faciliten a rima débese a manipulación posteriores da paremia polo pobo, como é caso de: *O parvo, se é calado, pasa ben por asisado*.

Creemos que se pode definir o termo proverbio como unha *forma breve e culta, desprovista do elemento xocoso e mnemotécnico, na que a antigüidade e a experiencia fanlle alcanzar un carácter sentencioso*.

## O ADAXIO

O Padre Sobreira define esta forma como proverbio, aclarando que se aparece en poesía coñécese con nome de *refrán*:

*Adagio. Adagio, proverbio; y si cae en copla se llama particularísimamente refrán (sic).*

O *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. Rodríguez (1958, s.v. *adaxio*) non presenta realmente unha definición de *adaxio*, senón unha descripción que nos permite entresacar o seu carácter popular:

*El adagio, como reflexión vulgar nacida de la experiencia, o como consejo práctico obtenido de las realidades de la vida, es abundantísimo en Galicia y tiene uso frecuente entre nuestros labriegos, ya que su significación se amolda a la astuta socarronería del país, de tal modo, que muchos de los cantares folklóricos derivan de adagios o forman adagios que a veces se confunden con los refranes, si no son refranes al mismo tiempo.*

Para o *Diccionario da Lingua Galega* de Feixó e outros (1986, s.v. *adaxio*), esta forma, que aparece como sinónimo do proverbio, caracterízase pola súa brevidade, pola súa popularidade e polo seu contido moral:

<sup>4</sup> Salomón, *Proverbios*, XVII, 23: *Stultus quoque si tacuerit sapiens reputabitur, et sicompresserit labia sua intelligens.*

*Proverbio, sentencia breve e vulgar, normalmente de carácter moral.*

O *Diccionario da Língua Galega* de Estravís (1986, s.v. *adaxio*) acepta a anterior definición, anotando que este termo confúndese co refrán:

*Proverbio; sentenza breve e vulgar case sempre moral que ás veces se confunde co refrán.*

O *Diccionario Xerais da Língua* (1986, s.v. *adaxio*) pon como sinónimos do *adaxio*, a máxima, o proverbio e o axioma. As características de brevidade e de ter un carácter moralizador están presentes na súa definición:

*Máxima ou sentencia breve que encerra unha moralidade; proverbio, axioma.*

Esta definición coincide case completamente coa presentada por M. Quintáns Suárez no seu diccionario (1997, s.v. *adaxio*):

*Sentencia breve que encerra unha moralidade. Proverbio, axioma.*

Para o diccionario de Galaxia (1988, s.v. *adaxio*) este termo aparece equiparado á máxima, ó proverbio e ó refrán, e as súas características principais son a brevidade e o seu carácter didáctico:

*Sentencia breve que encierra una enseñanza.*

No *Diccionario da Real Academia Galega* (1997, s.v. *adaxio*) resáltase o carácter popular e a experiencia:

*Dito ou frase que expresa un consello ou xuízo de sabedoría popular, baseado na experiencia.*

Moitos autores non cren encontrar diferencias entre esta paremia e o refrán, e mesmo hay algúns, caso de Combet (1994: 12), que encontran difícil presentar unha definición deste termo, se ben insiste en que non é sinónimo do *refrán*:

*Siempre me ha parecido difícil especificar la significación de este término. Los diccionarios hacen de él, según los casos, un sinónimo de refrán, proverbio, sentencia o máxima. La existencia de esta retahíla paradigmática sugiere la*

*dificultad de definir claramente el adagio. He tratado, con poco éxito, de esclarecer el problema planteado por esta clase de paremias en mi Tesis de 1971 [...] Lo que hoy me parece indiscutible es que, en español, el adagio se puede caracterizar por su afinidad con otras paremias breves, notorias y de expresión directa, como las máximas, las sentencias y, sobre todo, los refranes desprovistos de elementos metafóricos (aquellos que llamé proverbios en mi Tesis); sin embargo, desde un punto de vista puramente lingüístico, ello no justifica el uso (redundante) del término adagio para designar a esos enunciados sentenciosos, y menos aún si tomamos en consideración el hecho de que algunos hispanohablantes, y también no pocos lexicógrafos y paremiólogos, emplean esta palabra en vez de refrán. De hecho, estas confusiones vienen de lejos y se explican sin duda por el prestigio de un libro que, desde el comienzo del siglo XVI, ha servido de referencia a los trabajos de los paremiólogos: me refiero, por supuesto, a las «Adagiorum chilia-des» de Erasmo, que popularizaron el latinismo adagium en la Europa culta de entonces. Pero se sabe que, en su compilación Erasmo recogió en tanto que adagios un maremágnum de expresiones entre las cuales figuran, al lado de enunciados de claro contenido gnómico, muchas locuciones, frases hechas, expresiones metafóricas, comparaciones y palabras raras o pintorescas que nada o muy poco tienen que ver con la sabiduría popular o la «filosofía vulgar». De modo que, siglo tras siglo, el prurito de imitación hizo que se aplicara sin mucho criterio el cultismo adagio a toda clase de paremias ya conocidas bajo otra denominación. En consecuencia, quizá haya que conceder únicamente un valor histórico a ese vocablo renacentista que, si bien puede tener su utilidad en el campo científico o jurídico, no puede considerarse como un exacto sinónimo de la palabra refrán.*

A paremia galega *O bo nome vale máis que toda a riqueza para un home*<sup>5</sup> é, o noso parecer, un *adaxio*. Para nós este tipo de paremia diferénciase do *refrán* por non lle ser necesarios os elementos mnemotécnicos, por ser culta e por non ser metafórica, polo que para nós se trata dunha forma *paremiolóxica* non

<sup>5</sup> Salomón, *Proverbios*, XXII, 1: *Melius est nomen bonum quam divitiarum multarum* (=Máis vale a boa sona cá moita facenda).

*metafórica e sentenciosa, que, anque xeralmente culta, pode presentar elementos xocosos.*

## O AFORISMO

O *aforismo* non se encontra documentado nin no *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez (1958) nin no *Diccionario da Lingua Galega* de C. García González (1990).

No *Diccionario da Lingua Galega*, tanto no de Alonso Estravís (1986, s.v. *aforismo*) como no de Feixó e outros (1986, s.v. *aforismo*), considérase a este termo como unha unidade paremiolóxica breve e empregada no terreo médico:

*Sentenza breve e doutrinal de uso moi frecuente entre os médicos.*

Para Alonso Estravís (1986) esta forma é sinónima do adaxio, da máxima e da sentencia, cousa que non aparece explicitada en Feixó e outros (1986).

O *Diccionario Xerais da Lingua* (1986, s.v. *aforismo*) considera o *aforismo* caracterizado pola brevidade, a claridade e cunha marcada intención moralizante:

*Sentencia breve de intención moralizante, expresada de feito conciso e claro.*

Estas mesmas características son aportadas na definición que fai desta *paremia* o *Diccionario de Galaxia* (1988, s.v. *aforismo*):

*Sentencia breve o máxima expresada de maneira clara y concisa, con una intención moral o didáctica.*

O carácter *sentencioso* do *aforismo* é recollido nas definicións do *Diccionario* de M. Quintáns Suárez (1997, s.v. *aforismo*):

*Precepto moral. Máxima, sentencia.*

e no da *Real Academia Galega* (1997, s.v. *aforismo*):

*Enunciado conciso e breve, que pode estar fixado ou non na forma e que resume un punto esencial dunha ciencia, filosofía, moral, etc.*

Para nós o *aforismo* é unha *paremia* de carácter *sentencioso* que se considera *verdadeira*. A súa natureza

*científica faina actuar normalmente no campo da medicina, se ben pode entrar noutros campos científicos, como o filosófico:*

*Mens sana in corpore sano.*

## O APOTEGMA

Nos *dicionarios* de Eladio Rodríguez (1958), no de Feixó e outros (1986) e no de C. García González (1990) non aparece esta forma.

No *Diccionario da Lingua Galega* de Alonso Estravís (1986, s.v. *apoteagma*) dise que esta *paremia* transcribe as palabras de alguén notable:

*Dito sentencioso dunha persoa ilustre.*

Desta mesma opinión é o *diccionario* de M. Quintáns Suárez (1997, s.v. *apoteagma*), que tamén lle confire as características de brevidade e de carácter *sentencioso*:

*Dito sentencioso ou pensamento notable dunha persoa célebre. Dito breve e sentencioso.*

e o *Diccionario da Real Academia Galega* (1997, s.v. *apoteagma*), que tamén caracteriza a esta *paremia* pola súa brevidade e polo seu contido moralizador:

*Enunciado conciso e breve que expresa unha regra moral ou de conducta, xeralmente atribuída a unha persoa ilustre.*

A brevidade e o carácter *enxeñoso* desta *paremia* son os aspectos que destaca o *Diccionario Xerais da Lingua* (1986, v.s. *apoteagma*):

*Frase sentenciosa breve e aguda. Dito memorable.*

No *diccionario* de Galaxia (1988, s.v. *apoteagma*) esta *paremia* defínese en función de máxima:

*Dicho que contiene una máxima.*

Para nós as características fundamentais desta *paremia* son: a brevidade, o carácter *sentencioso*, a súa condición *culta* e non carente nalgún casos de certa *xocosidade*:

*Primeiro honra sen barcos, que barcos sen honra*

(C. Méndez Núñez<sup>6</sup>)

polo que definimos esta paremia como unha forma paremiolóxica sentenciosa, breve, culta, non exenta de xocosidade, na que se recordan as palabras enxeñosas dalgunha persoa célebre.

## O AXIOMA

Esta paremia non aparece definida no *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* (1958) de E. Rodríguez nin no *Diccionario da Lingua Galega* (1990) de C. García González.

O *Diccionario da Lingua Galega* de Alonso Estravís (1986, s.v. *axioma*), o *Diccionario da Lingua Galega* de Feixó e outros (1986, s.v. *axioma*) e o *Diccionario Xerais da Lingua* (1986, s.v. *axioma*) identifican este termo coa *máxima*, coa *sentencia* e co *proverbio*. Os tres dictionarios presentan a mesma definición:

*Proposición que non precisa demostración por ser evidente.*

Esta idea é compartida polo dictionario de Galaxia (1988, s.v. *axioma*):

*Afirmación que, por evidente, non precisa de demostración.*

polo dictionario de M. Quintáns Suárez (1997, s.v. *axioma*):

<sup>6</sup> O vigués C. Méndez Núñez (1824-1869) foi un dos mariños máis importantes do noso país. En 1864 ó mando do *Numancia* dirixiuse ó Pacífico, onde países coma Chile e Perú se opoñían ó dominio de España.

Na *Gran Enciclopedia Gallega* (1974, s.v. *Méndez Núñez*) transcribese a misiva que en abril de 1866 este mariño lles enviou ós seus superiores de Madrid antes de atacar Valparaíso: *Si desgraciadamente no consiguiese una paz honrosa para España, cumpliré las órdenes de V.E., destruyendo la ciudad de Valparaíso, aunque sea necesario para ello combatir antes con las escuadras inglesa y americana, aquí reunidas, y la de su Majestad se hundirá en estas aguas antes que volver a España deshonrada, cumpliendo así lo que su Majestad, su Gobierno y el país desean; esto es: Primero honra sin Marina, que Marina sin honra.*

Na estatua que se lle erixiu en Santiago de C. no seu pedestal pódese ler: *Primeiro honra sen barcos, que barcos sen honra.*

*Proposición que non precisa demostración por ser de evidencia inmediata.*

e polo *Diccionario da Real Academia Galega* (1997, s.v. *axioma*) de C. García González e M. González González:

*Afirmación tan evidente e clara que é admitida sen necesidade de demostración.*

Cremos que é necesario sinalar nesta paremia unha serie de características que a diferencian do refrán, como pode ser que se trata dunha paremia culta que non leva elementos mnemotécnicos, non é xocosa, non é metafórica, etc.

Para nós o axioma é unha forma sentenciosa que amosa unha verdade tan suficientemente evidente que non necesita demostración:

*A boa fame non hai pan duro.*

## O DIALOXISMO

Nin o *Diccionario da Real Academia Galega*, nin outros importantes dictionarios galegos (o de Estravís, o de Eladio Rodríguez, o de C. García González, etc.) contemplan esta forma.

O *Diccionario da Lingua Galega* de Feixó e outros (1986, s.v. *dialoxismo*) define o dialoxismo como:

*Arte que reproduce en diálogo as ideas dos personaxes.*

Montreynaud (1993: 186) di que a orixe desta forma está no inglés *wellerism*<sup>7</sup>, se ben se poden encontrar estruturas deste tipo nas culturas africanas.

O dialoxismo cremos que *expresa un concepto sentencioso mediante o diálogo. Carente de elementos mnemotécnicos e metafóricos, presenta, ás veces, un matiz xocoso e mesmo irónico, que contrasta co seu ton imperativo:*

<sup>7</sup> O termo *wellerism*, provén de Sam Weller, personaxe de Dickens (*As aventuras de M. Pickwick*), criado de Mr. Pickwick, que é unha especie de Sancho Panza moderno.

Ó noso entender, o *wellerism* é unha forma paremiolóxica moi cercana ó *dialoxismo*, na que o humor é un dos seus compoñentes principais, non en van se desenvolve a acción nunha «situation comique», como di Rodegem (1973: 365).

Seguindo a Casares (1950: 195) consideramos que o *wellerism* é á Europa do norte o que o *dialoxismo* é á meridional.

*Díxolle a tixola ó pote: «¡Tírate alá, non me luxes!».*

## O DITO

Esta forma aparece definida nos dictionarios do s. XIX, pero ningún deles presenta unha definición paremiolóxica convincente:

Cuveiro Piñol (1876): *Dicho, lo que se dijo.*

F. J. Rodríguez (1863): *Dicho, lo que se dice y lo que se dijo.*

M. Valladares (1881): *Dicho en todas sus acepciones.*

No dictionario de Xove e outros (1995, s.v. *dito*) este termo paremiolóxico defínese en base á súa invariabilidade e ó seu carácter moralizador:

*Frase feita que expresa un consello ou unha idea sobre algo.*

Para E. Rodríguez González (1960, s.v. *dito*) no «*dito*» encérrase un carácter sentencioso:

*Palabra o conxunto de palabras que expresan un concepto cabal.*

O *Diccionario da Lingua Galega* de Feixó e outros (1986, s.v. *dito*), como o de Alonso Estravís (1986, s.v. *dito*), equipara o «*dito*» á «*máxima*» e á «*sentencia*», e no caso deste tamén presenta unha sinonimia con «*expresión o frase*».

O *Diccionario Xerais da Lingua* (1986, s.v. *dito*) preséntanos esta paremia como pertencente ó terreo «*popular*», ademais de comparala coa «*sentencia*» e co «*refrán*».

*Expresión enxebre; sentencia ou refrán característico.*

Para o dictionario de Galaxia (1988, s.v. *dito*) este termo é popular, invariable e de carácter sentencioso:

*Frase hecha de carácter popular y sentencioso.*

No *Diccionario Conceptual Galego* de M. Quintáns Suárez (1997, s.v. *dito*) preséntasenos o *dito* como unha expresión de orixe popular:

*Expresión que se di. Expresión enxebre.*

Tanto no dictionario de C. García González (1990, s.v. *dito*) como no da Real Academia Galega (1997, s.v. *dito*) a invariabilidade e a experiencia son as características desta paremia:

*Frase feita que encerra unha idea ou concepto tomados da experiencia.*

De acordo con estas definicións consideramos que o *dito* é unha expresión popular, breve, sentenciosa e cunha fonda raigame popular, na que se expresa unha sabiduría comprobada pola experiencia:

*Non se gañou Zamora nunha hora.*

## A DIVISA

E. Rodríguez (1960, s.v. *divisa*) fai fincapé en que esta forma paremiolóxica non só distingue persoas senón «*grados u outras cosas*». Desta mesma opinión é o *Diccionario Xerais da Lingua* (1986, s.v. *divisa*) anque engade outra característica:

*Lema dalgúns escudos.*

Tanto o *Diccionario da Lingua Galega* de Alonso Estravís e outros (1986, s.v. *divisa*), como os de Feixó e outros (1986, s.v. *divisa*), o termo *divisa* é «*senal distintivo, emblema, insignia*». A brevidade é o seu trazo principal:

*Palabras características expresando concisamente un pensamento.*

No dictionario de Galaxia (1988, s.v. *divisa*) díse que esta forma paremiolóxica emprégase para distinguir:

*Emblema o insignia que serve para distinguir personas, grados u outras cosas.*

Esta idea tamén é compartida polo dictionario de M. Quintáns Suárez (1997, s.v. *divisa*):

*Senal, distintivo, marca, insignia para distinguir persoas, graos, etc.*

o de C. García González (1990, s.v. *divisa*):

*Senal ou insignia que serve para distinguir.*

e o da Real Academia Galega (1977, s.v. *divisa*):

*Sinal ou insignia que serve para distinguir unha persoa ou as súas cousas.*

É imprescindible citar aquí a J. Sevilla Muñoz (1993: 18) quen ó falar da divisa di que dentro deste termo hai que distinguir dúas acepcións:

– **lema**, que tiene por función hacer comprensible el contenido del blasón y servir de norma al caballero que lo lleva o lo llevó:

+ *Si no soy toda de oro, en lo azul tengo el tesoro.*

(Lema de los Busto castellanos).

+ *J'ai blanchi sous mens liens.*

(Lema del Duque de Nivernais, que lleva en su blasón una achicoria)

– **mote**, que lo llevaban los caballeros en los torneos, en las justas, y contiene un sentido culto que necesita explicación:

+ *Garáian altuan nago. Ernia gordeago.* («En lo alto estoy, y la Patria, más guardada»), mote en vasco de los Guaraya de Navarra.

+ *Tache sans tache.* (Del Conde Northesh en Escocia).

Segundo a nosa opinión a divisa é unha *paremia moi breve, que non ten por que ser verdadeira, na que, coa axuda de elementos metafóricos, móstranse características distintivas moi concretas de algo ou alguén. Non leva elementos mnemotécnicos sin xocosos:*

*Galicia calidade.*

## A MÁXIMA

Para o *Diccionario da Língua Galega* de Alonso Estravís (1986, s.v. *máxima*) a máxima é unha *paremia verdadeira e ten certo carácter moralizador:*

*Verdade moral proposta como regra de conduta. Sentenza que contén un preceito moral ou práctico.*

O *Diccionario da Língua Galega* de Xove e outros (1995, s.v. *máxima*) destaca o carácter didáctico moralizador deste termo:

*Frase breve coa que se expresa un pensamento moral, unha ensinanza ou unha regra de comportamento.*

Esta mesma idea atopámola no *Diccionario Xerais da Língua* (1986, s.v. *máxima*), anque aquí a máxima preséntase como sinónima do *adaxio* e do *refrán*:

*Pensamento adoptado como regra de conducta.*

A definición da máxima como *regra de procedemento* ou como *regra de conducta* aparece en moitos outros dicionarios, no *Diccionario da Língua Galega* de Feixó e outros (1986, s.v. *máxima*), aínda que para esta obra a brevidade é un trazo característico:

*Pensamento adoptado como regra de procedemento. Breve sentencia moral.*

no de Galaxia (1988, s.v. *máxima*), se ben na súa definición tamén se suliña a invariabilidade desta forma:

*Frase usada en forma invariable, proverbial o escrita por alguen, que expresa un principio moral, un consejo o una enseñanza. REFRÁN. ADAXIO/ Máxima, norma moral o práctica que alguen aplica como norma de conducta.*

no dicionario de M. Quintáns Suárez (1997, s.v. *máxima*);

*Pensamento adoptado como regra de procedemento. Sentencia moral. Axioma, concepto.*

e no *Diccionario da Língua Galega* de C. García González (1990, s.v. *máxima*), que amosa a mesma definición ca do *Diccionario da Real Academia Galega* (1997, s.v. *axioma*):

*Frase, fixada ou non na forma, que expresa unha regra moral ou de conducta.*

A máxima é para nós unha *forma breve, cun certo carácter sentencioso que se propón como regra de*

*conducta, o que lle dá un certo aspecto de verdade. Non leva elementos mnemotécnicos, nin metafóricos, nin xocosos:*

*Ollos que no ven, corazón que non sente.*

## O PRECEPTO

No *Diccionario Gallego-Castellano* de M. Valladares (1881) o *preceito* (sic) é definido como unha norma que hai que cumprir:

*Preceito. Precepto, orden de un superior que debe guardar el súbdito. Regla para... = Mandato, mandamiento = Cada uno de los dogmas, máximas, creencias, etc.*

O *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. Rodríguez (1961, s.v. *precepto*) preséntanos esta paremia cunha clara función didáctica, ademais de comparárnola co «mandato y orden»:

*Cada una de las instrucciones que se dan para el conocimiento de un arte o facultad.*

Para o *Diccionario Xerais da Lingua* o *precepto* (1986, s.v. *precepto*) é unha fórmula paremiolóxica de rasgos imperativos:

*Norma, disposición de carácter xeral que manda facer algo.*

Idea que tamén se pode encontrar no *Diccionario da Lingua Galega* de Feixó e outros (1986, s.v. *precepto*):

*Prescripción, mandamento. Regra.*

e no de Galaxia (1988, s.v. *precepto*):

*Instrucción, orden que se da como regla de acción o de conducta.*

Alguns dicionarios esixen que a norma de conducta que aparece nesta paremia sexa dada por alguén con autoridade para facelo, é o caso do dicionario de M. Quintáns Suárez (1997, s.v. *precepto*):

*Orde ou mandato dado por unha autoridade competente; prescripción, mandamento.*

*Instrucción ou disposición establecida como regra de acción para o exercicio dunha actividade; método, norma.*

e os dicionarios de C. García González (1990, s.v. *precepto*) e da Real Academia Galega (1997, s.v. *precepto*):

*Orde ou disposición dada por alguén con autoridade para facelo.*

Creemos que o precepto considérase verdadeiro pois vén de alguén que consideramos fiable. A súa finalidade é moralizadora e mesmo, nalgúns casos, represora, polo que xeralmente leva trazos imperativos:

*A caridade ben entendida comeza por un mesmo.*

## A SENTENCIA

Para o dicionario de M. Valladares (1881: *Sentencia*) esta forma preséntase como breve e de carácter sentencioso:

*Sentencia. Sentencia, dictámen = Dicho grave y sucinto que encierra moralidad = Resolución judicial, ó arbitral.*

O *Diccionario da Lingua Galega* de Feixó e outros (1986, s.v. *sentencia*) sinala como riscos desta paremia popular a brevidade e o seu contido moralizante:

*Dito ou frase curta que encerra ou contén un principio moral ou un consello de sabedoría popular.*

Para o *Diccionario da Lingua Galega* de Alonso Estravís (1986, s.v. *sentencia*), a *sentencia* é sinónima do *proverbio*, do *refrán* e da *máxima*. A verdade, xunto cos trazos que se lle atribúen no dicionario de Feixó (1986), definen para este autor as características desta paremia:

*Máxima, frase cuarta que encerra un sentido xeral, un pensamento ou verdade moral. Proverbio, refrán.*

Xove e outros (1995, s.v. *sentencia*) consideran esta forma, ademais de breve, como posuidora dun carácter didáctico moralizador:

*Frase curta coa que se tenta dar unha ensinanza.*

A verdade, xunto co carácter moralizante, son para o *Diccionario Xerais da Lingua* (1986, s.v. *sentencia*) as características desta paremia:

*Opinión expresada de maneira dogmática, que non admite discusión; expresión breve de carácter moral.*

No diccionario de Galaxia (1988, s.v. *sentencia*) esta paremia aparece como sinónimo de *máxima*, *proverbio*, *aforismo*, *adaxio*, *dito*, *refrán*. Na súa definición preséntasenos a brevidade o carácter moralizador como as súas características:

*Dicho breve de carácter moral.*

M. Quintáns Suárez (1997, s.v. *sentencia*), que equipara esta paremia co *proverbio* e co *refrán*, presenta unha definición dobre desta paremia, por unha banda fala da súa brevidade e do seu carácter popular, e pola outra banda eloxia a súa verdade:

*Dito ou frase curta que contén un consello de sabedoría popular; proverbio, refrán. Opinión expresada de tal xeito que non admite discusión.*

O *Diccionario da Lingua Galega* de C. García González (1990, s.v. *sentencia*) e o *Diccionario da Real Academia Galega* (1997, s.v. *sentencia*) definen este termo como unha paremia pertencente ó campo popular:

*Dito ou frase que expresa un consello ou xuízo da sabedoría popular.*

Combet expón na revista *Paremia* (1994: 12-13) que para el a *máxima* e a *sentencia* son a mesma cousa, e que se diferencian do *refrán* por ser máis *literario*, *culto*, e *filosófico* que este:

*Considero sinónimas estas dos voces. En cuanto a su sitio en la literatura sentenciosa, se colocan, por una parte, entre los proverbios y refranes y, por otra, lo que se denomina en francés*

*«pensées o réflexions» (que son ya pequeños textos filosóficos de mayor o menor amplitud). En todos estos casos, se trata de proporcionar una enseñanza u opinión, y, desde este punto de vista (el del contenido), las máximas o sentencias se encuentran más bien junto a los pensamientos, en la medida en que su ámbito estricto es lo moral (a diferencia de los proverbios y los refranes que pueden ser igualmente morales pero también, a veces, prácticos, instrumentales, meteorológicos, agrícolas, etc.). No obstante, si pasamos ahora al plano de la expresión, se observa que las sentencias —las cuales, si bien son de expresión directa, poseen siempre elementos prosódicos característicos (binariedad, oposiciones, paralelismos, etc.)— se aproximan más bien a los proverbios tal como los definí en «Refranes españoles» (1967) y «Recherches sur le "refranero" castillan» (1971). En cambio, se alejan del refrán porque ignoran por lo general la rima y la asonancia. La sentencia es, pues, un refrán moral un poco más «literario» y «culto», un poco más «filosófico». Es la forma aristocrática de la estructura sentenciosa: su destino es el corte sano, en el sentido clásico del término, mientras que los proverbios, y, más aún, los refranes son más «populares». Se hablará, pues, de los refranes «del pueblo» (o «antiguos», «viejos», «que dicen las viejas tras el fuego»), pero se dirá: las «Sentencias y máximas morales» de la Rochefoucauld, y los «Pensamientos» de Pascal.*

Creemos que a *sentencia* é unha paremia breve de carácter sentencioso, carente de elementos metafóricos e xocosos, pero que nalgúns casos pode levar elementos mnemotécnicos. Ten unha concepción filosófica máis profunda cá *máxima* ou có *adaxio*:

*Voz do pobo, voz de Deus.*

## CONCLUSIONES

Despois deste percorrido que acabamos de facer podemos concluír que as distintas paremias pódense englobar en dous grandes grupos: populares (o *refrán*, o *dialogismo* e o *dito*) e cultas (tódalas outras). As distintas características dunhas e doutras queremos esquematizalas no cuadro seguinte:

	Antig. <sup>8</sup>	Breve	El. mnem.	Exper.	Xocoso	Metaf.	Pop.	Sent.	Verd.
Refrán	+	+	+	+	+	+	+	+	±
Proverbio	+	+	-	+	-	±	-	+	±
Adaxio	±	+	-	+	±	-	-	+	±
Aforismo	±	+	-	±	-	-	-	+	+
Apotegma	±	+	-	±	-	-	-	+	±
Axioma	±	-	-	±	-	-	-	+	+
Dialoxismo	±	±	-	-	±	-	+	+	±
Dito	±	+	±	±	+	+	+	+	±
Divisa	±	+	-	-	-	+	-	+	-
Máxima	±	+	-	±	-	-	-	+	±
Precepto	±	+	-	±	-	-	-	+	+
Sentencia	±	+	±	-	-	-	-	+	±

## BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ESTRÁVIS, I. (1986): *Diccionario da Língua Galega*, Madrid: Alhema Ediciones; 3 vols.
- ARES VÁZQUEZ, M.<sup>a</sup> C.; CARBALLEIRA ANLLO, X. M.<sup>a</sup>; IGLESIAS SIERRA, P.; LEMA SUÁREZ, X. M.<sup>a</sup>; LÓPEZ FERNÁNDEZ, R. (1986): *Diccionario Xerais da Língua*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- BIZARRI, H. O. (1990): «¿Es posible alcanzar una definición precisa del refrán medieval?», *Studia Hispanica Medievalia II. III Jornadas de Literatura Española Medieval*: 65-69.
- CANTERA ORTIZ DE URBINA, J. (1993): «Paremia, proverbio y parábola en la Biblia», *Paremia*, 1: 17-28.
- CASARES, J. (1950-1969): *Introducción a la lexicografía moderna (La frase proverbial y el refrán)*, Madrid: CSIC. Anejo R.F.E., LV: 185-203.
- CASARES, J. (1959-1985): *Diccionario ideológico de la lengua española*, Barcelona: Editorial Gustavo Gili.
- COMBET, L. (1996): «Los refranes: origen, función y futuro», *Paremia*, 5: 11-22.
- CONCA, M.<sup>a</sup> (1987): *Paremiología*, Valencia: Servei de Publicacions Universitat de Valencia.
- CONDE TARRÍO, G. (1998): *Estudio comparativo de las paremias en francés, castellano y gallego*, Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela.
- COTARELO Y MORI, E. (1917): «Semántica Española: refrán», *Boletín de la Real Academia Española*, IV, 242-259.
- CUVEIRO PIÑOL, J. (1876): *Diccionario Gallego, el más completo y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares y su pronunciación*, Barcelona: Establecimiento tipográfico de N. Ramírez y Cia.
- FEIXÓ CID, X. G.; ENRÍQUEZ RODRÍGUEZ, X. M.; ROCAMONDE GÓMEZ, R. y PARADA FERNÁNDEZ, C. (1986): *Diccionario da Língua Galega*, Vigo: Ir Indo; 3 vols.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. (1976): «A inserción do verbo antigo na literatura medieval», *Boletín Auriense*, VI, 6: 355-356.
- FORGAS BERDET, E. (1982-1983): «¿Hacia una teoría del refrán?», *Universitas Tarraconensis*, III: 49-64.
- GARCÍA GONZÁLEZ, C. (1990): *Diccionario da Língua Galega*, A Coruña: Real Academia Gallega-Instituto da Língua Galega.
- GARCÍA GONZÁLEZ, C. e GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*, A Coruña: Real Academia Galega.
- GARCÍA-PAGE, M. (1990): «Propiedades lingüísticas del refrán (I)», *Epos. Revista de Filología*, 6: 499-510.
- Gran Enciclopedia Gallega* (Dirección: Ramón Otero Pedrayo), Silverio Cañada editor, Santiago/Gijón, 1974-1991, 32 vols.
- GREIMAS, A. (1988): «Sur la définition du proverbe», *Collection Recherches Germaniques*, 2: 232-252.
- KLEIBER, G. (1989): «Sur la définition du proverbe», *Europhras* 88. *Phraséologie contrastive*, Strasbourg: Université de Strasbourg; 233-252.
- LANCIANI, G. e TAVANI, G. (1993): *Diccionario da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho.
- MESCHONNIC, H. (1976): «Les proverbes, actes de discours», *Revue des Sciences Humaines*, XLI, 163: 419-430.
- MILNER, G.B. (1969): «What is a Proverb?», *New Society*, 332: 199-202.

- MIRÁS, F. (1864): *Compendio de Gramática Gallega-Castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias*, Santiago: Establecimiento Tipográfico de Manuel Mirás.
- MOLINER, M.<sup>a</sup> (1966-1970): *Diccionario de uso del español*, Madrid: Gredos; 2 vols.
- MONTANDON, A. (1992): *Les formes brèves*, París: Hachette.
- MONTEAGUDO ROMERO, H. e GARCÍA CANCELA, X. (1988): *Diccionario Galego-Castelán*, Vigo: Galaxia.
- O'KANE, E. S. (1950): «On the Name of the refrán», *Hispanique Review*, XVIII, 1: 1-14.
- PENA, X. R. (1985): «Doble mot refranh, palabra, rima e mot tornat na lírica galegoportuguesa», *Grial*, XXIII, 90: 431-442.
- PENSADO, J. L. (1973): *Sarmient, Fr. Martin. Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, Salamanca: Universidad de Salamanca.
- PENSADO, J. L. (1979): *Fr. Juan Sobreina: Papeletas de un Diccionario Gallego*, Orense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- REAL ACADEMIA ESPAÑA (1729-39/1976): *Diccionario de Autoridades*, Madrid: Gredos (facsimil).
- REAL ACADEMIA ESPAÑA (1780-1994): *Diccionario de la Lengua Española*, Madrid: Espasa-Calpe; 2 vols., 21.<sup>a</sup> ed.
- RODRÍGUEZ, F. J. (1863): *Diccionario Gallego-Castellano*, Coruña: Imp. del Hospital Provincial, 1863.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E. (1958-1961): *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, Vigo: Galaxia; 3 vols.
- RODRÍGUEZ MARÍN, F. e MONTOTO y RAUTENSTRAUCH, L. (1895): *Discursos leídos ante la Real Academia Sevillana de Buenas Letras el 8 de diciembre de 1895 por los señores Francisco Rodríguez Marín y Luis Montoto y Rautenstrauch*, Sevilla: Imprenta de E. Rasco.
- RODRIGUES LAPA, M. (1995): *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Vigo/Lisboa: Ir Indo/João Sá da Costa.
- SEVILLA MUÑOZ, J. (1988): *Hacia una aproximación conceptual de las paremias francesas y españolas*, Madrid: Editorial Complutense.
- SEVILLA MUÑOZ, J. (1991): «Propuesta de sistematización paremiográfica», *Revista de Filología Románica*, VIII: 31-39.
- SEVILLA MUÑOZ, J. (1991): «Las Paremias españolas: clasificación, definición y correspondencia francesa», *Paremia*, 2: 15-20.
- TABOADA CHIVITE, X. (1972): *Etnografía galega (Os refráns)*, Vigo: Galaxia; 169-172.
- TAYLOR, A. (1931-1962): *The Proverb*, Pennsylvania: Folklore Associates.
- TAYLOR, A. (1965): «The study of Proverbs», *Proverbium*, I: 1-10.
- VALLADARES NÚÑEZ, M. (1881): *Diccionario Gallego-Castellano*, Santiago: Estab. Tip. del Seminario Conciliar Central.
- XOVE FERREIRO, X.; DUBERT, F.; MOSCOSO, E. M. e SOUSA, X. C. (1995): *Diccionario da Lingua Galega*, Vigo: Obradoiro/Santillana.